

Publicacions d'interès a Galicia (1999). —En novembro de 1999 a Univ. de Santiago publicou o volume *Estudios de Sociolingüística Románica. Linguas e variedades minorizadas*, a cargo de Antón Santamarina e Fernández Rei. Despois dun traballo inicial sobre unha proposta tipolóxica de clasificación dos estándares románicos «baixo presión» (Muljačić) analízase a situación de diversas linguas minorizadas: galego (Fernández Rei), «galego» de Cáceres (Costas González), asturiano (Cano), mirandés (Barros), aragonés (Nagore), catalán (Boix Fuster), catalán de Aragón (Gargallo), occitano (Taupiac e Alén), aranés (Gargallo), occitano do Piemonte (Genre), romanche (Vañó), corso (Fusina) e sardo (Lórinzi e Corraine). Fecha o libro un amplo traballo sobre o romanés con especial atención ás variedades fóra de Romanía (Ionescu). [F. F. R.]

* * *